

RESOLUCIÓN DE INICIO DO PROCEDIMENTO DE SELECCIÓN DE ADXUDICATARIOS DE VIVENDAS PROTEXIDAS DE PROMOCIÓN PRIVADA

Vista a solicitude de inicio do procedemento de selección de adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de vivenda protexida de promoción privada de REXIME CONCERTADO núm. P09-VC-0011/10 presentada pola entidade promotora PROMOTORA RABO DE GALO, S.L. e INVERSIONES GIL-REG, S.L.

Revisada a documentación achegada pola entidade e acreditado o cumprimento dos requisitos establecidos no Decreto 1/2010, de 8 de xaneiro, polo que se regula o Rexistro Único de Demandantes de Vivenda da Comunidade Autónoma de Galicia e a adxudicación das vivendas protexidas, así como das acollidas a programas de acceso á vivenda con axudas públicas (en adiante, Decreto 1/2010).

Visto o estipulado nos artigos 32 e seguintes do Decreto 1/2010.

RESOLVO:

1º Declarar a apertura do procedemento de selección de adxudicatarios no expediente de vivenda protexida de promoción privada de REXIME CONCERTADO núm P09-VC-0011/10

As características da promoción son as seguintes:

Localización:

PARCELA I- BLOQUE 2 - SAN PAIO DE NAVIA - VIGO

Forma de acceso: Compra

Estado de execución: Rematada

Número e tipoloxía das vivendas:

51 vivendas Tipo da quenda xeral (90 m²)

8 vivendas Duplex da quenda xeral (de 132 a 140 m²)

Prezo de venda:

Vivenda Tipo + Garaxe + Rocho: 149.811,12 € + IVE

Vivenda Duplex + Garaxe + Rocho: de 207.115,92 € a 218.031,12 € + IVE

Forma de pago:

20 % á sinatura do Contrato Privado + 80 % á sinatura da escritura pública

2º Outorgar ás persoas interesadas que, á data desta resolución de inicio, estean inscritos ou que teñan solicitude de inscrición no rexistro de demandantes de vivenda protexida no réxime, forma de acceso e localidade desta promoción, un prazo de quince días hábiles, contados dende o seguinte ao da derradeira publicación desta resolución de inicio, para solicitar a súa inclusión no procedemento de adxudicación, segundo o modelo que se xunta como anexo, nos termos do disposto no artigo 35 do Decreto 1/2010.

Pontevedra, 24 de xaneiro de 2011.

O Xefe Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas

Asdo.: José Luis Díez Yáñez

ANEXO

MODELO DE SOLICITUDE

D./Dna. _____ con D.N.I. num _____,
e con teléfono de contacto _____ Inscrito/a ou que teña solicitude de
inscrición no rexistro de demandantes de vivenda protexida, á vista da apertura do
procedemento de selección de adxudicatarios das vivendas incluídas no expediente de
vivenda protexida de promoción privada de REXIME CONCERTADO, na modalidade de
Compra

SOLICITA:

A inclusión no procedemento de adxudicación das vivendas protexidas das devanditas
promocións, na/s quenda/s que de seguido se especifican:

P09-VC-0011/10 (BLOQUE 2)

☐

Quenda Xeral

_____, ____ de _____ de 201__